

Amigas e amigos.

Co noso agradecemento a Sargadelos e a vostedes pola súa asistencia Edicions A Nosa Terra apreséntalles esta *Viaxe á procura do solpor* da que é autor Francisco Fernández Naval, este libro tan leve na narración e tan fonda nos contidos e na concepción da viaxe ofrecese-nos como unha viaxe á procura dos ecos que habitan a realidade actual, á procura das pegadas dos viaxeiros que antes de nós andiveron estas mesmas terras, terras que verquen no linde da ría de Noia e no mar xa aberto que beben nos seus espellos, terras que adormecen acochadiñas aos pés dos montes de Dumbría e Xallas.

Partindo da palabra poética, en cada capítulo, e rematando co texto poético dunha escritora, este libro, escrito coa levidade nas maneiras literarias que definen ao noso querido autor, cun xeito de narrar que nos leva da man a percorrer a paisaxe como sen a querer mancar, con palabras cheas de cálida ingrávidez. Neste libro o noso autor parte de novo á redescuberta das terras do solpor do noso país, onde conflúen todos os solpores, este libro que segue ao xa publicado de Lois Diéguez ás terras encantadas de Lemos, forma parte dunha colección de viaxes de Edicions A Nosa Terra que era unha vella ilusión de quen lles fala e que tivo un longo proceso de elaboración. No deseño dos contidos da colección pensei na extensa e fértil serie de escritores viaxeiros ao longo da historia e que a min falaron de países estráños e fermosos en fermosos livros: si Flaubert me levou ao oriente nunha súa viaxe iniciática e en Exipto e Líbano e Grecia atopa a súa forma literaria cunha correspondencia que lle mudaría o seu xeito de narrar; se Chataubriand me levou de París a Xerusalén nunha viaxe iniciática de poeta de peregrino como a viaxe interior que era dun romántico e fiquei revivindo imaxes de Grecia eterna baixo o imperio otomano; como Pier Loti a Marrocos ou Kipling ao Xapón; así Egeria na súa viaxe a Terra Santa; así Don Ramón Otero Pedraio, que me levou de Ourense a San Andrés de Teixido como viaxe ao propio centro do ser porque, en palabras súas, non hai contentamento semellante ao que dá a unha alma galega a longa e pura intimidade coa terra e coa xente de Galiza; si Cunqueiro nos levou por toda a Galiza cun seu relatar breve cunha serie xornalística *El viajero en Galicia*.

Quisen, cos meus compañeiros da equipa editorial, facer unha colección de viaxes feitas por escritores e escritoras galegas sobre Galiza, sobre os territorios fundamentalmente da infancia e adolescencia do escritor ou vivenciados de tal xeito vencellados á propia biografía emocional que fosen assumidos como territorios míticos persoais como viaxes ao propio interior, pensamos nun libro de viaxes onde, sobre todo e por riba de todo, primara a literatura, o xeito literario de narrar na descripción das paisaxes, no relato da historia do patrimonio cultural tan fértil na nosa nación.

Outro dos parámetros foi o de coller unha bisbarra ou comarca ou "Terra de..." e facer con varios concellos un percorrido con entidade cultural e histórica propia: a Terra De Lemos de Lois Diéguez, Ferrolterra de Xavier Alcalá, a Terra Chá de Miguel Anxo Fernán-Vello, a Terra do Incio de Marica Campos, as Terras Do Deza de Xavier Navaza, a Terra de Taboirón de Martínez Oca, a Terra de Monterroso de Xulio Valcárcel, a Terra do Salnés de Xoán Ignacio Taibo, etc, etc. Porque en definitiva foron terras de unidades territoriais con historias diferenciadas na historia de Galiza porque tamén é un xeito editorial de axudar a conformar os territorios históricos como territorios literarios, como ben nos ten demostrado coa Terra Cha o poeta Manuel María ou o Caurel Uxío Novoneira. Foi intención nosa na equipa editora á hora de lle dar forma ao proxecto editorial tratar con infografía as fotografías neste libro da autoría de Maribel Longueira para lle dar un ar de pintura de acuarela antiga, aportarlle un certo ar de intemporalidade para así sacar a viaxe actual do tempo concreto no que foi feita.

E como un froito madurecido polo nordés traémoslles este libro, apresentámosselles hoxe este libro de Francisco Fernández Naval, escrito con delicadeza poética e medida estilística, coas palabras necesarias, nunha linguaxe literaria chea de ingrávidez que percorre todo o e que fica con nós entrañada.

E para o apresentar están con nos Chus Pato, poeta amiga desde hai xa máis de dúas décadas polas terras de Ourense. Licenciada en xeografía e historia, é profesora nun instituto de Lalín, e no seu fértil camiño poético tennos oferecido os seus poemarios *Palabra de muller*, do 1992. Participa na carpeta colectiva *Oito e medio urania*, de 1991, *Fascinio, Heloísa, Nínive*. Ten colaborado en revistas como escrita *Luzes de Galiza*, *A festa da palabra silenciada*, *Andaina* e no semanario *A Nosa Terra*.

Está con nós a escritora Marilar Aleixandre, profesora de didáctica das ciencias na universidade de Santiago de Compostela. Na súa extensa obra literaria tennos oferecido

*O rescate do peneireiro* 1990

*A formiga coxa* 1987

*Tránsito dos gramáticos* 1993

*A expedición ao Pacífico*, 1994

*Nogard*

*A compañía clandestina da contrapublicidade*, premio Álvaro Cunqueiro

*Catálogo de veleños*, premio Esquío

Tendo colaborado tamén nas revistas nó *Luzes de Galiza* ou *Festa da palabra silenciada*.

E está con nós a poeta e xornalista Isolda Santiago, a quen teño o prazer de coñecer hoxe e que ten publicado os livros

*Flor de tan mal xardín*, de 1994, II premio de poesía Fermín Bouza Brey, en Espiral Maior

*Berce das estampas*, tamén en Espiral Maior

*Carpeta colectiva 8 e medio*

E está con nós o autor do libro que hoxe apresentamos Francisco Fernández Naval, poeta e escritor, con novelas como *O bosque das antas*, premio Xerais de novela do 1988, *Tempo de crepusculo*, de 1993, *Sombras no laberinto* ou poemarios como *A fonte abagañada*, premio cidade de Ourense 1980, *Pabillon habitado*, de 1986, *Días de cera*, de 1999, *Ara solis*, poemario bilingüe galego francés con grabados de Jaquelin Ricard. Livros de relatos como *Historias roubadas*, en volumes colectivos como *Paralelo 42*, *Caderno de viaxe*, ou livros de viaxes ou guías, como unha da provincia de A Coruña, en colaboración con Xavier Alcalá, e outro sobre da provincia de Ourense en colaboración con Camilo Franco, ou livros como *A pesca e a literatura*.